

Índice de vendas de comercio polo miúdo. Outubro 2006

COMUNICADO

No mes de outubro de 2006 aumentan un 7,7% as vendas do comercio polo miúdo con respecto a un ano antes

As vendas no comercio polo miúdo en Galicia aumentaron un 7,7% en outubro de 2006 respecto ao mesmo mes do ano anterior

O índice xeral de vendas de comercio polo miúdo en Galicia, medida das variacións mensuais nas vendas das empresas con esa actividade principal, rexistrou no mes de outubro de 2006 un incremento interanual do 7,7%, en termos correntes, cifra que se mantén cando se corrixe a serie do efecto producido polo calendario, é dicir, cando se elimina a influencia do distinto número de días hábiles e non hábiles entre un mes e outro. No acumulado do ano o incremento situouse no 8,4%, un 8,2% se o corriximos polo calendario.

Se analizamos as vendas en termos correntes por produto, o mes de outubro revela incrementos interanuais nos produtos de equipamento da persoa (0,3%), equipamento do fogar (17,6%) e no apartado de outros produtos (12,8%), mentres que se produce unha diminución no apartado de alimentación (-1,2%).

As vendas nas grandes superficies non especializadas de Galicia creceron un 1,8% con respecto ao mesmo mes do ano anterior

Por tipo de actividade da empresa, o índice de comercio especializado de outubro de 2006 aumentou en termos correntes un 10,8%, con respecto ao mesmo mes de 2005, e o do comercio en establecementos non especializados un 1,7%.


O indicador conxuntural de vendas en grandes superficies non especializadas de Galicia, que recolle as vendas nas empresas con actividade principal o comercio polo miúdo e que dispoñan de algún establecemento con superficie de venda superior aos 2.500 m², presenta en outubro unha taxa de variación anual do 1,8%, en termos correntes, e un 4,9% no acumulado do ano.

Índice de vendas de comercio polo miúdo. Outubro 2006.
Datos provisionais

	Índice	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Xeral	140,5	7,7%	8,4%
Xeral (corrixido de calendario)	142,7	7,7%	8,2%
Por actividade			
Especializado	139,4	10,8%	11,1%
Non especializado	137,4	1,7%	2,8%
Grandes superficies	159,9	1,8%	4,9%

FONTE: IGE. Índice de vendas de comercio polo miúdo

No seguinte gráfico pódese observar a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral dende 1999.



FONTE: IGE. Índice de vendas de comercio polo miúdo

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.eu>